

MANEXO DA PLANTACIÓN -CONTROL INTEGRADO		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-No control de pragas e enfermidades, sempre que sexa posible, anteporanse os métodos biolóxicos, biotecnolóxicos, culturais, físicos e xenéticos aos métodos químicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Retirar de forma inmediata da plantación as plantas e órganos con signos de determinadas enfermidades (con especial atención ás viroses e bacterioses) cando representen un risco importante para a transmisión desas enfermidades. O servizo técnico competente xustificará a non aplicación desta medida. • Protexer a fauna auxiliar en xeral e en particular polo menos dúas especies cuxa protección e aumento das súas poboacións se consideren prioritarios para o cultivo ou cultivos da zona. • Manter a parcela e/ou UHC e as súas marxes libres de vexetación allea ao cultivo, salvo naqueles casos en que se xustifique que o mantemento destas é positivo para o potenciamento dalgún organismo beneficioso e o balance <<organismos beneficiosos-prexudiciais>> netamente favorable. <p>-Facer a estimación do risco en cada parcela e/ou UHC mediante avaliacións dos niveis poboacionais calculados mediante sistemas de mostraxe, estado de desenvolvemento das pragas e fauna útil, fenoloxía do cultivo e condicións climáticas. Esa estimación vén detallada para cada caso no apéndice de pragas e enfermidades dos diferentes cultivos. No caso de propoñer unha estimación de risco alternativa, esta deberá ser autorizada pola autoridade competente.</p> <p>-A aplicación de medidas directas de control de pragas só se efectuará cando os niveis poboacionais ou as condicións ambientais superen os limiares de intervención e, no caso de enfermidades, cando a estimación de risco o indique (Ver o apéndice de pragas e enfermidades de cada cultivo).</p> <p>-Os controis sobre a situación fitopatolóxica do cultivo e a súa evolución faranse cunha periodicidade de entre 7 e 10 días agás naqueles casos en que o risco fitosanitario obrigue a realizalos cunha periodicidade inferior.</p> <p>-Naqueles organismos nos cales o criterio de intervención se establece a partir dunha porcentaxe de observación de órganos afectados ou duns niveis de poboación establecidos, o técnico deberá seguir a metodoloxía de mostraxe establecida por esta norma. No caso de propoñer unha metodoloxía de mostraxe alternativa, esta deberá estar autorizada pola autoridade competente.</p> <p>-METODOLOXÍA DE MOSTRAXE: Realizarase como mínimo unha mostraxe por UHC. As UHC de menos de 2 ha divídense en catro sectores (orientacións NE, NO, SE e SO) e de cada sector elixense 7 plantas para superficies menores de 0,5 ha e 10 plantas para maiores de 0,5 ha, exceptuando naqueles cultivos onde o apéndice de pragas e enfermidades especifique un número de plantas diferente. As UHC de máis de 2 ha divídense no máximo número de parcelas de 2 ha e sobre cada unha destas realízase a sectorización indicada para o caso anterior.</p> <p>Naqueles organismos nos cales o criterio de intervención sexa a simple presenza, o técnico responsable poderá utilizar a súa propia metodoloxía de mostraxe sempre que esta se xustifique tecnicamente e se reflicta no caderno de explotación.</p> <p>-No caso de resultar necesaria unha intervención química, as substancias activas que se utilicen serán seleccionadas de acordo cos criterios de menor risco para o home, fauna silvestre e ambiente; a efectividade no control da praga, patóxeno ou mala herba; a selectividade (débase evitar a toxicidade para polinizadores e inimigos naturais); os residuos e o risco de aparición de</p>	<p>-Desinfectar a estrutura, redes e a cuberta das proteccións dos cultivos cando sexa necesario.</p> <p>-Establecer un inventario e unha valoración da fauna auxiliar e axentes nocivos.</p> <p>-Principalmente en cultivo protexido, colocar trampas cromotrópicas e feromonas como método de estimación do risco e de control de pragas. (Ver o apéndice de pragas e enfermidades dos diferentes cultivos).</p> <p>-Usar termohidrógrafos para relacionar as condicións de humidade relativa (HR) e temperatura (T) co desenvolvemento de pragas e enfermidades mediante o uso de modelos de predición, no caso de que existan e foran contrastados na zona de cultivo.</p> <p>-No caso de tratamentos químicos, alternar substancias activas de distintos grupos químicos e mecanismo de acción, sen realizar máis de dous tratamentos consecutivos coa mesma substancia activa.</p> <p>-Non utilizar produtos fitosanitarios con máis de dous anos desde a súa data de fabricación, salvo que na etiqueta especifique prazo inferior.</p> <p>-Controlar as malas herbas preferentemente mediante a adopción de medidas preventivas antes da implantación do cultivo.</p> <p>-Dispoñer na explotación de zonas preparadas expresamente para encher cubas, lavar equipos, depositar restos de caldos non utilizados, etc.</p>	<p>-Realizar soltas de inimigos naturais non presentes na fauna española, ou cuxa introdución estea prohibida pola lexislación correspondente agás autorización expresa da autoridade competente.</p> <p>-Utilizar calendarios de tratamentos e realizar aplicacións indiscriminadas sen prescrición técnica.</p> <p>-Utilizar calquera produto fitosanitario que se dese de baixa no Rexistro Oficial de Produtos e Material Fitosanitario do MAPA con posterioridade á publicación da presente norma.</p> <p>-Empregar produtos fitosanitarios nas marxes de correntes de auga.</p> <p>-En cultivos ao aire libre, realizar aplicacións de produtos fitosanitarios en condicións meteorolóxicas desfavorables para evitar a deriva dos produtos.</p> <p>-Utilizar herbicidas residuais en solos areosos, enareados e en xeral solos moi lixeiros. En solos medios e pesados permítese o uso de herbicidas, sempre baixo prescrición técnica e xustificada, segundo niveis de colonización.</p> <p>-Abandonar o control fitosanitario antes da finalización do ciclo vexetativo do cultivo.</p> <p>-No caso de produtos protexidos, aplicar herbicidas dentro do invernadoiro unha vez implantado o cultivo, salvo xustificación do técnico competente.</p>

MANEXO DA PLANTACIÓN -CONTROL INTEGRADO		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>poboacións resistentes.</p> <p>-As substancias activas que se empreguen estarán autorizadas no Rexistro Oficial de Produtos e Material Fitosanitario, para un uso determinado, e poderase establecer unha listaxe de substancias activas seleccionadas entre estas para o seu posible emprego en produción integrada, de acordo co apéndice IV de substancias activas seleccionadas, sobre a base da experiencia coñecida do seu impacto nos correspondentes organismos útiles e outros requisitos ambientais.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os formulados de substancias activas que conteñan algunha substancia non dirixida contra unha determinada praga e/ou enfermidade non poderán utilizarse salvo naquelas ocasións nas cales se xustifique o tratamento contra ambos organismos nocivos. • O uso de produtos fitosanitarios realizarase respectando sempre as indicacións reflectidas nas correspondentes etiquetas con independencia de que, cara á súa utilización en produción integrada, poidan establecerse restricións maiores. • Excepcionalmente, cando se detecten no cultivo pragas ou enfermidades que, por non seren habituais nel, non estean reflectidas no apéndice de pragas e enfermidades dos diferentes cultivos, ou non estea definido un criterio de intervención, poderase actuar contra elas con calquera outro produto fitosanitario que estea expresamente autorizado para a produción integrada para ese cultivo. • Para a desinfección de estruturas de protección deberá terse en conta o cultivo posterior, co fin de non utilizar substancias activas non autorizadas. <p>- Controlar as malas herbas, sempre que sexa posible con medios mecánicos, biofísico (solarización/biofumigación entre plantacións) ou aqueles que ofrezan o menor risco de emisións de CO₂. No caso de que sexa necesaria a aplicación de herbicidas, efectuarase mediante as técnicas recomendadas na etiqueta do produto. Empregar substancias activas autorizadas seleccionadas cos mesmos criterios citados para os produtos fitosanitarios.</p> <p>-Os volumes máximos de caldo e caudal de aire nos tratamentos fitosanitarios axustaranse aos parámetros precisos, tendo en conta o estado fenolóxico do cultivo para obter a máxima eficacia coa dose menor. Neste sentido, cómpre que a maquinaria empregada nos tratamentos fitosanitarios e herbicidas estea en perfecto estado de funcionamento e que se someta a revisións e calibrados periódicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Evitar as sobredosificacións. • Adoptar as medidas precisas para evitar que a deriva das aplicacións alcance parcelas e/ou UHC distintas das que se pretende tratar. <p>-A presenza de residuos deberá minimizarse mediante a máxima ampliación posible dos prazos de seguridade.</p>		

MANEXO DA PLANTACIÓN – COLLEITA		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-Realizar a colleita nas datas e condicións axeitadas para evitar lesións nos produtos vexetais que reduzan a súa calidade e provoquen infeccións de patóxenos causantes de podremias.</p> <p>-Eliminar os produtos vexetais que presenten síntomas con presenza de patóxenos causantes de podremia.</p> <p>-Colleitar os produtos vexetais nun estado de madurez que permita alcanzar as exixencias de calidade comercial.</p> <p>-Cando os produtos colleitados non son trasladados ao almacén manipulador no mesmo día da colleita, estes deben colocarse baixo teito ou en condicións en que se evite a incidencia directa dos axentes atmosféricos nun lugar con ventilación máxima ata o momento do seu envío ao almacén manipulador. No caso de que se realice a manipulación no campo, a embalaxe debe retirarse durante a noite cando exista algún risco de contaminación.</p> <p>-Tomar mostras no período de colleita e/ou elaboración, para analizar a posible presenza de residuos de produtos fitosanitarios e garantir que se utilizaron exclusivamente as substancias activas autorizadas e que se cumpre co establecido na lexislación española en relación cos límites máximos de residuos de produtos fitosanitarios.</p> <p>-Para producións dirixidas a outros mercados distintos do nacional, verificar que cumpren a lexislación establecida no lugar de destino respecto ao contido de residuos.</p> <p>-Manter o equipo de colleita en condicións axeitadas de utilización.</p>	<p>-Realizar a colleita no momento axeitado para cada variedade e tipo de presentación.</p> <p>-Dispoñer dos instrumentos axeitados que permitan avaliar o grao de madurez do produto.</p>	<p>-Efectuar a colleita cando os produtos estean mollados, salvo autorización expresa da autoridade competente ou polo técnico responsable, fundamentada en condicións meteorolóxicas adversas.</p> <p>-Abandonar o refugallo na parcela se a súa presenza representa un risco para a propagación de pragas ou enfermidades dos vexetais.</p>

XESTIÓN DE RESIDUOS		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-Retirar para a súa reciclaxe ou, se é o caso, vertedura controlada de plásticos de acolchado, cubertas de plástico, malla ou calquera outro material utilizado nas estruturas do cultivo.</p> <p>-Retirar e almacenar os envases dos produtos fitosanitarios e fertilizantes, unha vez utilizados estes, ata a súa entrega a un xestor autorizado de acordo co que establece a lexislación vixente.</p> <p>-Xestionar os produtos fitosanitarios de refugallo mediante un xestor autorizado de residuos de produtos químicos ou a través dunha compañía provedora ou calquera outro método seguro para o ambiente.</p> <p>-Reciclar axeitadamente os substratos inertes, sempre que sexa agronomicamente aconsellable.</p> <p>-Establecer sistemas de recollida de aceites usados ou outros produtos tóxicos e darles o destino previsto na lexislación vixente.</p>	<p>-Realizar unha xestión axeitada dos restos de colleita e de cultivos, incorporándoos, compostándoos e reutilizándoos na propia explotación.</p> <p>-Os restos vexetais, unha vez no exterior da plantación e transcorridos os prazos permitidos en cada caso, só poderán permanecer en colectores con tapa ou outro medio de illamento do contido como pode ser unha lámina de plástico.</p> <p>-Conducir os restos vexetais a un vertedoiro autorizado, salvo que a normativa ambiental vixente na zona permita un tratamento distinto deles.</p>	<p>-Abandonar restos plásticos, envases e outros residuos no interior ou límites da parcela e/ou UHC.</p> <p>-Destruir polo lume ou outro procedemento, triturar ou enterrar na parcela e/ou UHC ou arredores, os envases baleiros dos produtos fitosanitarios e fertilizantes, os plásticos ou redes das estruturas de cultivo, excepto que se faga nos puntos autorizados para iso pola autoridade competente.</p> <p>-Utilizar plásticos ou redes das estruturas de cultivo, unha vez retirados, para outros usos que supoñan un risco para o cultivo, as persoas ou a fauna.</p> <p>-Depositar en correntes ou encoros de augas os restos de caldo dos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios ou lavar estes en tales zonas.</p>

Sección I

CULTIVO DO PEMENTO

ASPECTOS AGRONÓMICOS XERAIS DO CULTIVO		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-Xustificar a non aplicación dun programa de rotación de cultivos de polo menos tres follas, en que non se repitan especies da mesma familia botánica.</p> <p>-Cando debido ás condicións locais non se poidan facer rotacións de cultivo, establecerase un período mínimo de 1 a 2 meses ao ano durante o que se establecerán cubertas vexetais de especies mellorantes, aplicaranse técnicas de solarización e/ou biofumigación ou ben manterase o terreo en barbeito.</p>		

SOLO, PREPARACIÓN DO TERREO E LABOREO
É de aplicación o especificado na norma técnica especificada de hortícolas sobre o mesmo tema.

SEMENTEIRA E PLANTACIÓN		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-Manter as parcelas limpas de restos de plantacións de solanáceas anteriores e de herbas que puidesen ser hospedantes de pragas e/ou enfermidades importantes do cultivo, polo menos as seis semanas precedentes á plantación.</p> <p>-Densidade de plantación < 35.000 plantas/ha.</p>	<p>-Realizar o transplante de plantas cando estas teñan de 10 a 20 cm de altura e 3 a 7 follas verdadeiras, non colocándoas a profundidade excesiva para evitar problemas de asfixia radicular. Aporcar para reforzar a planta e evitar o anegamento ou excesiva humidade na zona da base do talo.</p> <p>-Mover a terra ou area (binado) arredor da planta para quitar a herba que comeza a saír e romper a dureza superficial.</p>	

FERTILIZACIÓN E EMENDAS
É de aplicación o especificado na norma técnica específica de hortícolas sobre o mesmo tema.

MANEXO DA PLANTACIÓN – PODA
É de aplicación o especificado na norma técnica específica de hortícolas sobre o mesmo tema.

MANEXO DA PLANTACIÓN -POLINIZACIÓN E FORMACIÓN DOS FROITOS		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
	Convén que a formación dos primeiros froitos sexa das flores das segundas cruces; así evítase o risco de malformacións e mellora o crecemento de plantas pouco desenvolvidas.	Usar fitorreguladores

MANEXO DA PLANTACIÓN – REGA
É de aplicación o especificado na norma técnica específica de hortícolas sobre o mesmo tema.

MANEXO DA PLANTACIÓN – CONTROL INTEGRADO		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-No apéndice de pragas e enfermidades indícanse os organismos obxecto de mostraxe para o cultivo do tomate. O feito de que un organismo apareza no apéndice de pragas e enfermidades do tomate non obriga o operador a realizar o seu seguimento. Non obstante, o non seguimento dalgún destes organismos, ao non constituír praga na zona de cultivo, deberá estar debidamente xustificado.</p> <p>-O técnico competente decidirá, a partir da relación de insectos auxiliares considerados importantes para o cultivo do tomate (<i>Amblyseius spp.</i>, <i>Diglyphus spp.</i>, <i>Orius spp.</i>, <i>Aphidoletes spp.</i>, <i>Phytoseiulus spp.</i>, <i>Encarsia spp.</i>, <i>Eretmocerus spp.</i>, <i>Macrolophus spp.</i>, <i>Aphidius spp.</i>) e en función das características particulares da explotación, a fauna auxiliar obxectivo que pretende defender ou implantar mediante solta.</p> <p>-Calquera cambio na selección dos insectos auxiliares que se queiran defender ou implantar deberá ser xustificado tecnicamente.</p>	<p>-O acolchado parcial, en bandas non deberán cubrir máis do 50% da superficie.</p>	